

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 20 de decembro de 2002 pola que se establecen medidas para compensar determinados gastos producidos como consecuencia do accidente do buque Prestige.

O accidente do buque Prestige provocou unha contaminación mariña que obrigou a prohibi-la actividade pesqueira e marisqueira en determinadas zonas da costa de Galicia.

Esta situación fixo necesaria a publicación dunhas medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do accidente, medidas que se concretaron na publicación da Orde do 18 de novembro de 2002, modificada pola Orde do 3 de decembro de 2002, pola que se establecen medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do accidente do buque Prestige, en concreto, medidas que compensen os armadores, os tripulantes e os mariscadores, pola perda dos ingresos previstos.

As medidas foron posteriormente complementadas pola Orde do 11 de decembro de 2002, ampliando os sectores afectados ós redeiros e colaboradores familiares de embarcación, ó persoal laboral das confrarías, ós operarios das lonxas e fábricas de xeo e ós comercializadores de primeiro nivel que poidan amosa-la súa dependencia do recurso afectado, e que tivesen que cesar completamente a súa actividade.

As confrarías de pescadores máis as súas federacións provinciais, que se financian parcialmente dunha porcentaxe das vendas realizadas nos portos e lonxas que están baixo a súa concesión administrativa, están a ver minguados os seus ingresos, o que pode facer periga-lo labor social que están a realizar.

Así mesmo, os labores de limpeza das zonas afectadas polo vertido, nos que participan determinadas embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura, provoca que estas teñan que asumir unha serie de gastos, tanto no material utilizado como na deterioración que se produce nelas: avarías, pintura, limpeza, etc.

Visto o anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Poderán acollerse ás axudas establecidas nesta orde as confrarías de pescadores que, incluídas na zona de prohibición da actividade pesqueira e marisqueira, continúen a realizar labores de colaboración e asesoramento ós seus afiliados, así como ás súas federacións provinciais.

Así mesmo, poderán ser beneficiarios das axudas aqueles armadores das embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura que participen nos labores de limpeza da zona afectada.

Artigo 2º

El período cuberto por esta orde será, no caso das confrarías de pescadores afectadas máis para as súas federacións provinciais, desde o día 18 de novembro de 2002, e durante un máximo de seis meses, podendo ser prorrogables, no caso de que as circunstancias o recomende, e no caso das embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura, desde o día do inicio das

actividades de limpeza e durante o período que duren estas. O prazo de presentación das solicitudes estará aberto durante este período.

1. A contía que poderá percibir cada confraría de pescadores será a seguinte:

-Axuda ata un tope máximo de 600 euros mensuais para as confrarías de pescadores afectadas máis para as súas federacións provinciais, para acometer gastos de carácter xeral.

2. A contía que poderá percibir cada armador das embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura será, como máximo, igual os gastos nos que incorrese, como consecuencia da participación nos labores de limpeza.

As axudas imputaranse ás aplicacións orzamentarias que sinala a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2003.

Artigo 3º

Para acollerse ás referidas axudas, os afectados deberán presentar unha solicitude dirixida ó conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, xunto coa seguinte documentación:

1. En tódolos casos:

-Solicitude normalizada do anexo I.

-Certificación da entidade bancaria que acredite o número de conta do beneficiario para o aboamento da axuda.

2. Ademais, en cada caso particular:

* No caso das confrarías de pescadores:

-Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal

-Facturas orixinais dos gastos incorridos pola confraría.

* No caso dos armadores das embarcacións pesqueiras, lista terceira e auxiliares de acuicultura, lista cuarta:

-Fotocopia do DNI ou tarxeta de identificación fiscal.

-Certificación da entidade asociativa na que está incluído: confraría de pescadores, asociación ou cooperativa de armadores, organización de produtores ou asociación de mexilloeiros, conforme participou nos labores de limpeza, co «conforme» do capitán marítimo correspondente.

-Facturas orixinais do investimento realizado.

Artigo 4º

Á vista das solicitudes presentadas e logo da proposta da Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca, resolverá o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos.

Disposición adicional

As medidas que se establecen nesta norma en ningún caso supoñen recoñecemento de responsabilidade da Comunidade Autónoma polo referidos danos e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste á Comunidade Autónoma para reclamar dos responsables os importes das indemnizacións que correspondan.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2002.

Enrique Cesar López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FACER FRONTE ÁS CONSECUCENCIAS DO ACCIDENTE DO BUQUE PRESTIGE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE626C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		CIF / NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
POBOACIÓN	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

CONFRARÍA DE PESCADORES DE: _____

ARMADOR DO BUQUE: _____
(NOME DO BUQUE, FOLIO E MATRICULA)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 20 de decembro de 2002 pola que se establecen medidas para compensar determinados gastos producidos como consecuencia do accidente do buque Prestige.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de de 200

Conseleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 10 de decembro de 2002 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos da Consellería de Sanidade.

Convocada pola Orde do 17 de outubro de 2002 (DOG nº 211, do 31 de outubro), a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos da Consellería de Sanidade, esta consellería, de conformidade co previsto no artigo 27.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das facultades que lle confire o artigo 15.4º da devandita lei,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos da Consellería de Sanidade, anunciada pola Orde do 17 de outubro de 2002 (DOG nº 211, do 31 de outubro).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ó funcionario que se relaciona no anexo a esta orde.

Terceiro.-O persoal mencionado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación. De non estima-la interposición deste recurso, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2002.

José Mª Hernández Cochón
Conse lleiro de Sanidade

ANEXO

Apelidos e nome: da Riba Casaux, Mª Isabel.
NRP: 3610129568 A2060.
Grupo: A.
Nivel CD: 24.
Corpo ou clase: xeral.
Posto de traballo: Sección de Xestión de Persoal e Habilitación.
Dependencia: Delegación Provincial da Consellería de Sanidade.
Localidade: Pontevedra.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 3 de decembro de 2002 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, por Orde do 24 de setembro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 195, do 9 de outubro), esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna,

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlles destino, nos postos de traballo que se indican, ós/ás funcionarios/as que se expresan no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino dos/as funcionarios/as que obtiveron praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data na que deben cesar no seu destino, os/as funcionarios/as desfrutan dun período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ó da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo de tres días a partir do seguinte ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente prestan os seus servizos os/as funcionarios/as, ou no prazo dun mes de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido nos artigos 14 e 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo (DOG nº 58, do 25 de marzo).

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro no que causen baixa os/as funcionarios/as, así como a daquel no que obteñan praza, efectuarán, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as dilixencias de cesamento e toma de posesión, respectivamente; acto seguido realizaranse os trámites necesarios para a súa alta en nómina.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá impugnala directamente perante, á elección do/a demandante, o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses